



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día vintenove de setembro de dous mil quince tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as doce horas do día vintenove de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día quince de setembro de dous mil quince.

2.- LICENCIAS DE OBRAS

Dáse conta do escrito número 1321, de data 18 de setembro de 2015, suscrito por D. Julia Vázquez Otero, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Saneamento de fachada e pintado da mesma dunha edificación, sita na parroquia de Ventosa número 27 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 25 de setembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.



2

Dáse conta do escrito número 1152, de data 24 de agosto de 2015, suscrito por D. Angel Modesto Lorido Pereiro, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Acondicionamento de camiño interior na parcela 886 do polígono 14 para poder acceder á parcela 887, sita no lugar de Basadroa deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 24 de setembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 1344, de data 23 de setembro de 2015, suscrito por D. José Luis Meijide Méndez, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Renovación de cuberta e adecentamento de fachada exterior da vivenda, sita no lugar de Casa Novas parroquia de Bais deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 28 de setembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 1313, de data 16 de setembro de 2015, suscrito por D. María Digna Fernández Vázquez polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Rehabilitación de cuberta en vivenda e alpendre, sita no lugar de Quintela número 3 parroquia de Santa Comba deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 25 de setembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.



23

Dada conta da comunicación previa presentada por D. Sonia Costa Vilariño, para a Adaptación de un local existente destinado á actividade de supermercado sin pescadería á normativa vixente.

Visto que presentou toda a documentación acreditativa para o exercicio da actividade, según o informe do técnico municipal de data 25 de setembro de 2015, polo que cumpre o disposto no artigo 24.1 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia.

A comunicación previa cumprindo con todos os requisitos, constitúe un acto xurídico do particular que de acordo ca Lei, habilita para o inicio da actividade e no seu caso, para o inicio da obra, faculta ó Concello para verificar os datos que nela se conteñen.

A Xunta de Goberno se da por enterada.

3.- FACTURAS E PAGOS

Dáse conta das facturas e pagos seguintes:

- VICTOR MANUEL POMBO SAMBADE, por importe de 600 euros en concepto de indemnización por danos materiais e lesións por unha caída na vía pública.
- MINAS DE BANDEIRA, S.A.: Factura número 0187.15 de data 31/05/2015 por importe de 35.509, 56 euros. SUBMINISTRO MATERIAIS BACHEOS REDE VIARIA MUNICIPAL. PUSIM 2014.
- MINAS DE BANDEIRA, S.A.: Factura número 0230.15 de data 30/06/2015 por importe de 20.396, 61 euros. SUBMINISTRO MATERIAIS BACHEOS REDE VIARIA MUNICIPAL. PPOS 2015.
- AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE AGOLADA, sobre recibos y facturas, por importe de 6.000 euros. SUBVENCIÓN ANUAL 2014.

4º.- CONCESIÓN ESPACIOS DE SEPULTURA

Dáse conta do escrito número 1320, de data 17 de setembro de 2015 e suscritos polas persoas que se indican máis adiante, polo que se solicita a concesión de espazos para sepulturas do Cemiterio Municipal.

Número	Data	Solicitante
1320	17/09/2015	Don José Ángel Silva Mejuto



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



24

A Xunta de Goberno Local, previo pago das correspondente taxa, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda conceder ao solicitante os espazos para sepultura do Cemiterio Municipal que se indican de seguido:

Solicitante	Espazos Sepulturas
Don José Ángel Silva Mejuto	D-06

debedo o interesado construír as sepulturas con estricta suxección ás normas arquitectónicas aprobadas polo Concello.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS NON EXISTEN.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a vintenove de setembro de dous mil quince.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,